

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA FEGAN – 5 DE XUÑO DE 2026
Exclusivamente para Asembleístas - Data límite presentación xoves 28 de maio ás 20:00 h

ROGOS / PREGUNTAS

ASUNTO:

Abono liquidacións

ROGO/PREGUNTA:

Rogamos á Fegan que adopte as medidas necesarias para garantir o pagamento mensual e en prazo das liquidacións correspondentes aos desprazamentos e dietas das competicións, poñendo fin á situación actual de demora continuada nos abonos.

Na actualidade existen árbitros e árbitras que, transcorridos xa máis de cinco meses, aínda non percibiron as cantidades correspondentes ás liquidacións dos meses anteriores. Así mesmo, hai membros do colectivo arbitral aos que se lles adebedan importes acumulados que chegan a alcanzar os 2.000 euros. Cómpre lembrar, ademais, que son os propios árbitros e árbitras quen teñen que adiantar do seu peto os gastos de desprazamento, manutención e demais custos necesarios para poder acudir ás competicións, asumindo durante meses unha carga económica que non lles corresponde. Esta situación resulta insostible para moitos compañeiros e compañeiras, polo que solicitamos que os pagamentos se realicen con carácter mensual, garantindo unha maior axilidade, previsión e respecto ao labor desenvolvido polo colectivo arbitral.

ASEMBLEÍSTA

(Nome, DNI e sinatura – Non é necesaria a sinatura en envíos por correo electrónico)

Óscar Diéguez Reinaldo - 78737442R